

# A comunidade dixital galega das artes escénicas supera os 100 membros

A plataforma dixital de Mundo Escénico naceu a mediados deste ano e xa conta con máis de 100 usuarios rexistrados, incluíndo espectadores, artistas, profesionais do sector e xestores culturais.

Mundo Escénico é unha plataforma dixital aberta que nace co obxectivo de modernizar, democratizar e impulsar o mundo das artes escénicas en Galicia. Esta plataforma da soporte a unha comunidade que conta con ferramentas e servizos de valor engadido no ámbito do teatro, a música, a danza e o folclore para:

- **Difundir** información de grupos, compañías e bandas e dos seus espectáculos.
- **Conectar os diferentes axentes** das artes escénicas para facilitar a procura de sinerxias.
- Ofertar **servizos profesionais e formacións** específicas das artes escénicas.
- **Facilitar a programación aos xestores culturais** de forma equitativa dentro da comunidade.
- Recopilar información e **recursos de interese** no eido escénico.

Para conseguir estes obxectivos, Mundo Escénico apóiase nas novas tecnoloxías e fai uso de ferramentas sociais que permiten conectar a tódolos axentes involucrados: espectadores, artistas, profesionais do sector e xestores culturais. Desta forma, a web da comunidade (<https://mundoescenico.gal>) conta xa con:

- Unha **axenda** centralizada para a divulgación de eventos
- Un **directorio** de grupos, compañías e bandas e tamén dos seus espectáculos
- Unha **rede social** para facilitar a comunicación entre os distintos membros da comunidade
- Unha **sección “Ágora”** na que se ofertan formacións e servizos profesionais
- Un **blog** con artigos e recursos de interese.

Nestes primeiros meses de vida, a comunidade de Mundo Escénico foi medrando ata acadar os 100 membros con perfís variados. A plataforma permite que un mesmo membro poda ter varios roles simultaneamente, así coma indicar o seu interese nos diferentes ámbitos das artes escénicas. En particular, un 40% son espectadores, un 40% artistas profesionais, un 30% artistas amateur, un 15% profesionais do sector e tamén un 15% xestores culturais. No tocante as disciplinas, o 75% dos membros teñen interese en teatro, un 60% en música, un 40% en danza e un 30% en folclore. Por outra parte, a comunidade conta actualmente cunha base de datos de máis de 2.000 grupos dos que aproximadamente a metade son de música, un 20% de teatro e un 25% folclóricos.

## Participación no Culturgal 2019

O proxecto Mundo Escénico foi seleccionado para participar en [Culturgal](#), unha das feiras culturais de referencia de Galicia. Aparte de introducir esta comunidade galega das artes escénicas, Mundo Escénico presentará unha **novedosa ferramenta on-line** que se está a desenvolver **orientada a que os xestores culturais elaboren as súas programacións de forma moi sinxela** e difundan automaticamente as súas necesidades a artistas e grupos. Esta ferramenta pretende facilitar a labor dos programadores de eventos e ao mesmo tempo dar as mesmas oportunidades a todos os grupos, compañías e bandas para formar parte das diferentes axendas culturais do ámbito galego. A presentación terá lugar o venres 29 de novembro ás 20:30h no Espazo Foro do Pazo da Cultura de Pontevedra.

## Acerca do fundador

Daniel Amós é natural de Moaña (Pontevedra) e conta co título de Doutor en Enxeñería de Telecomunicacións, pero sempre foi un apaixonado das Artes Escénicas, participando en grupos folclóricos, de baile tradicional e de teatro, chegando incluso a fundar o seu propia compañía. O proxecto de crear unha comunidade e rede social específica para as artes escénicas leváballe rondando na cabeza moito tempo, así que aproveitando a súa excedencia por paternidade decidiu participar no programa de emprendemento [Go2Work](#) (organizado pola Deputación de Pontevedra e a Escola de Organización Industrial - EOI), con este ambicioso proxecto para modernizar e impulsar as artes escénicas en Galicia. A formación recibida e o acompañamento de mentores expertos durante 5 meses axudárono no seu camiño emprendedor a converter a súa idea en realidade. Actualmente, gracias a este impulso e a contar cunha formación tecnolóxica de base, Daniel conseguiu lanzar a plataforma web que da soporte á comunidade on-line e actualmente está levando a cabo diferentes accións para dala a coñecer e facer que a comunidade siga medrando.

## Máis información e contacto

- Web: <https://mundoescenico.gal>
- Facebook: <https://facebook.com/mundoescenico>
- Instagram: @mundoescenico
- Twitter: @mundoescenico
- Correo electrónico: [damos@mundoescenico.gal](mailto:damos@mundoescenico.gal)
- Teléfono: 656 277 721



*Daniel Amós, fundador de Mundo Escénico, durante unha presentación no Puntazo Express do evento de emprendemento Pont-Up Store deste ano*

# Teatro · Música · Danza · Folclore

ÚNETE Á COMUNIDADE!



## Conectando o mundo das Artes Escénicas



### Espectadores

Os espectadores contan cunha completa axenda cultural de teatro, música, danza, folclore e demais disciplinas das Artes Escénicas. Os eventos poden verse nun mapa para facilitar a búsqueda por localidade. Ademais os espectadores poden explorar, seguir e valorar os seus grupos favoritos na rede social que integra Mundo Escénico.



### Grupos e artistas

Os artistas teñen un lugar onde poder divulgar información dos seus grupos e compañías, así como dos seus espectáculos e actuacións previstas. Ademais poderán conectar con outros artistas e profesionais do sector e tamén recibir comentarios e valoracións da comunidade a través da rede social e as ferramentas que proporciona.



Portada da plataforma web (<https://mundoescenico.gal>)